

INFORME DE INTERVENCIÓN

En cumprimento da legalidade vixente, e en relación coa **liquidación do orzamento da Deputación correspondente ao exercicio de 2025** (expediente nº 2026000743, emítese o seguinte informe:

NORMATIVA APLICABLE

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do TRLRHL, en materia orzamentaria.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación as entidades locais (REO)
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que ese aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo polo que se regula o réxime xurídico dos Funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional.
- Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.
- Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos Orzamentos das entidades locais.
- Orde 419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos Orzamentos das entidades locais.
- Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local.
- Bases de execución do orzamento para o exercicio de 2025.

CONSIDERACIÓNS

Primeira. Regulación legal.

De conformidade co disposto no artigo 191 do TRLRFL, a liquidación dos orzamentos das Entidades Locais, efectuarase, e canto a recadación de dereitos e pago das obrigas, a 31 de decembro do ano natural correspondente, quedando a cargo da tesourería os ingresos e gastos pendentes.

A. Contido:

A liquidación do orzamento porá de manifesto:

- a. Respecto do orzamento de gastos, e para cada aplicación orzamentaria, os créditos iniciais, as súas modificacións e os créditos definitivos, os gastos autorizados e comprometidos, as obrigas recoñecidas, os pagos ordenados e os pagos realizados.
- b. Respecto do orzamento de ingresos, e para cada concepto, as previsións iniciais, as súas modificacións e as previsións definitivas, os dereitos recoñecidos e anulados así como os recadados netos.

2. Como consecuencia da liquidación do orzamento deberán determinarse:

- Os dereitos pendentes de cobro e as obrigas pendentes de pago a 31 de decembro.
- O resultado orzamentario do exercicio.
- Os remanentes de crédito.
- O remanente de tesourería.

B. Ámbito temporal.

O peche e liquidación dos orzamentos da entidade local efectuaranse, en canto á recadación de dereitos e o pago de obrigas, o 31 de decembro do ano natural.

As entidades locais deberán confeccionar a liquidación do seu orzamento antes do día primeiro de marzo do exercicio seguinte.

C. Elaboración, informe e aprobación

Unha vez elaborada a liquidación do orzamento e informada pola Intervención, procederase á súa aprobación pola Presidenta/e da entidade.

D. Dación de conta e remisión

Da liquidación de cada un dos orzamentos que integran o orzamento xeral, unha vez realizada a súa aprobación, darase conta ao Pleno na primeira sesión que celebre.

As entidades locais remitirán copia da liquidación dos seus orzamentos á Administración do Estado e á comunidade autónoma antes de finalizar o mes de marzo do exercicio seguinte ao que corresponda.

A falta de remisión da liquidación no prazo sinalado facultará á Administración para utilizar como actuais, a calquera efecto, os datos que coñeza relativos á entidade de que se trate.

Segunda. Contido da liquidación do Orzamento da Deputación Provincial de Pontevedra.

A liquidación do orzamento da Deputación de Pontevedra – exercicio 2025 incorpora a documentación correspondente:

- Liquidación do orzamento de Gastos, con determinación dos remanentes de crédito.
- Liquidación do orzamento de Ingresos.
- Dereitos pendentes de cobro e as obrigas pendentes de pago a 31 de decembro.

- O resultado orzamentario.
- O remanente de tesouraría.

Para a elaboración deste informe de liquidación do orzamento da Deputación Provincial de Pontevedra– exercicio 2025, tomouse como referencia os datos de execución orzamentaria derivados formalmente dos libros de contabilidade.

Terceira. Liquidación orzamento de gastos e ingresos.

GASTOS

Como pódese observar na táboa 1 os créditos iniciais do Orzamento xeral desta Deputación ascenderon á contía 209.876.081,00 €. Dito importe inicial foi modificado nun importe global de 338.901.826,54 €, incrementando os créditos definitivos ao importe total de 548.777.907,54 €. Neste exercicio recoñecéronse obrigas de gasto polo importe neto de 207.025.533,64 €.

Táboa 1. Execución orzamentaria 2025. Créditos iniciais e definitivos, obrigas recoñecidas netas e pagos (resumo por capítulos).

Capítulo	Denominación	C.I.	Modificacións	C.D.	O.R.	Pagos
1	Gastos de persoal	53.994.314,00	739.238,25	54.733.552,25	48.655.646,67	48.655.646,67
2	Gastos correntes en bens e servizos	49.053.413,00	12.201.840,24	61.255.253,24	37.369.555,45	37.283.562,39
3	Gastos financeiros	788.765,00	260.445,17	1.049.210,17	738.217,73	738.217,73
4	Transferencias correntes	44.733.819,00	17.661.667,64	62.395.486,64	31.176.021,85	31.105.234,81
5	Gastos imprevistos	1.000.000,00	0,00	1.000.000,00	0,00	0,00
Total correntes		149.570.311,00	30.863.191,30	180.433.502,30	117.939.441,70	117.782.661,60
6	Investimentos reais	15.029.572,00	95.297.939,41	110.327.511,41	22.878.361,67	22.840.883,63
7	Transferencias capital	42.842.156,00	193.284.802,33	236.126.958,33	44.425.715,25	43.711.904,05
Total capital		57.871.728,00	288.582.741,74	346.454.469,74	67.304.076,92	66.552.787,68
Total gastos non financeiros		207.442.039,00	319.445.933,04	526.887.972,04	185.243.518,62	184.335.449,28
8	Activos financeiros	272.400,00	1.120,00	273.520,00	165.600,00	165.600,00
9	Pasivos financeiros	2.161.642,00	19.454.773,50	21.616.415,50	21.616.415,02	21.616.415,02
Total gastos financeiros		2.434.042,00	19.455.893,50	21.889.935,50	21.782.015,02	21.782.015,02
TOTAL		209.876.081,00	338.901.826,54	548.777.907,54	207.025.533,64	206.117.464,30

Como amosan as táboas 2 e 3, os créditos definitivos (C.D.) dos últimos orzamentos seguen unha liña ascendente no volume global, así como, con carácter xeral, nos capítulos de gasto de natureza non financeira. Os créditos definitivos do orzamento 2025 incrementáronse respecto ao ano anterior en 67.060.765,01 € en cómputo global (45.616.012,05 € respecto do total de capítulos de gasto non financeiros).

Nun desglose por capítulos e considerando os créditos definitivos do exercicio anterior, no 2025 incrementouse a consignación en todos os capítulos de gasto, coa excepción do capítulo 8, no que diminúen. O principal incremento de consignación respecto de gastos non financeiros

localízase no capítulo 7 (18.579.682,08 €), seguido do capítulo 6 (16.411.950,07 €), e do capítulo 2 (6.347.091,50 €).

O incremento no capítulo 9 reflicte a consignación que da cobertura a amortización anticipada das operacións de endebedamento, permitindo así pechar o ano con débeda financeira por importe cero.

Táboa 2. Créditos definitivos orzamentos 2020 – 2025. Importes.

Capítulo	Denominación	C.D. 2020	C.D. 2021	C.D. 2022	C.D. 2023	C.D. 2024	C.D. 2025
1	Gastos de persoal	48.215.660,94	48.111.335,00	49.496.323,49	51.761.787,67	53.120.923,41	54.733.552,25
2	Gastos correntes en bens e servizos	41.248.352,93	43.406.779,68	49.908.351,60	51.283.046,82	54.908.161,74	61.255.253,24
3	Gastos financeiros	373.770,27	401.001,00	310.500,70	398.201,63	150.003,00	1.049.210,17
4	Transferencias correntes	49.280.009,15	45.467.775,82	51.658.849,30	46.406.779,00	60.630.034,25	62.395.486,64
5	Gastos imprevistos	0,00	1.000.000,00	1.000.000,00	1.000.000,00	1.000.000,00	1.000.000,00
Total correntes		139.117.793,29	138.386.891,50	152.374.025,09	150.849.815,12	169.809.122,40	180.433.502,30
6	Investimentos reais	39.683.737,96	57.252.883,76	83.507.792,77	101.483.460,16	93.915.561,34	110.327.511,41
7	Transferencias capital	136.942.443,09	165.633.069,33	173.637.899,42	197.276.871,04	217.547.276,25	236.126.958,33
Total capital		176.626.181,05	222.885.953,09	257.145.692,19	298.760.331,20	311.462.837,59	346.454.469,74
Total gastos non financeiros		315.743.974,34	361.272.844,59	409.519.717,28	449.610.146,32	481.271.959,99	526.887.972,04
8	Activos financeiros	1.613.680,07	1.044.767,44	738.422,86	687.386,97	445.182,54	273.520,00
9	Pasivos financeiros	5.749.126,97	889.215,00	727.119,30	240.833,37	0,00	21.616.415,50
Total gastos financeiros		7.362.807,04	1.933.982,44	1.465.542,16	928.220,34	445.182,54	21.889.935,50
TOTAL		323.106.781,38	363.206.827,03	410.985.259,44	450.538.366,66	481.717.142,53	548.777.907,54

Táboa 3. Variación interanual créditos definitivos período 2020/2025). Importes.

Capítulo	Denominación	Variación 2021/2020	Variación 2022/2021	Variación 2023/2022	Variación 2024/2023	Variación 2025/2024
1	Gastos de persoal	-104.325,94	1.384.988,49	2.265.464,18	1.359.135,74	1.612.628,84
2	Gastos correntes en bens e servizos	2.158.426,75	6.501.571,92	1.374.695,22	3.625.114,92	6.347.091,50
3	Gastos financeiros	27.230,73	-90.500,30	87.700,93	-248.198,63	899.207,17
4	Transferencias correntes	-3.812.233,33	6.191.073,48	-5.252.070,30	14.223.255,25	1.765.452,39
5	Gastos imprevistos	1.000.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Total correntes		-730.901,79	13.987.133,59	-1.524.209,97	18.959.307,28	10.624.379,90
6	Investimentos reais	17.569.145,80	26.254.909,01	17.975.667,39	-7.567.898,82	16.411.950,07
7	Transferencias capital	28.690.626,24	8.004.830,09	23.638.971,62	20.270.405,21	18.579.682,08
Total capital		46.259.772,04	34.259.739,10	41.614.639,01	12.702.506,39	34.991.632,15
Total gastos non financeiros		45.528.870,25	48.246.872,69	40.090.429,04	31.661.813,67	45.616.012,05
8	Activos financeiros	-568.912,63	-306.344,58	-51.035,89	-242.204,43	-171.662,54
9	Pasivos financeiros	-4.859.911,97	-162.095,70	-486.285,93	-240.833,37	21.616.415,50
Total gastos financeiros		-5.428.824,60	-468.440,28	-537.321,82	-483.037,80	21.444.752,96
TOTAL		40.100.045,65	47.778.432,41	39.553.107,22	31.178.775,87	67.060.765,01

Execución orzamentaria

En termos interanuais, as obrigas recoñecidas (fase O) nos capítulos de gasto corrente se incrementan respecto ao ano anterior, diminuindo as obrigas recoñecidas nos capítulos de investimentos e principalmente de transferencias de capital (-44,57%). Isto amosa un problema importante de execución, en tanto que o incremento da consignación nestes capítulos se acompaña dunha execución inferior a anos anteriores, tanto en termos absolutos (táboa 4) como porcentuais (táboa 5).

Táboa 4. Variación (incremento/diminución) interanual das obrigas recoñecidas. Período 2018/2025 (Importe)

Capítulo	Denominación	Diferencia OR 2021/2020	Diferencia OR 2022/2021	Diferencia OR 2023/2022	Diferencia OR 2024/2023	Diferencia OR 2025/2024
1	Gastos de persoal	-934.848,88	1.531.104,37	3.565.438,14	189.838,43	871.514,47
2	Gastos correntes en bens e servizos	4.691.851,76	4.949.826,86	33.104,14	-524.068,32	4.451.801,16
3	Gastos financeiros	23.876,39	66.039,79	96.790,14	-268.966,40	658.942,38
4	Transferencias correntes	-6.533.680,96	7.195.186,76	-6.147.790,98	3.296.867,31	3.342.876,68
5	Gastos imprevistos	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Total correntes		-2.752.801,69	13.742.157,78	-2.452.458,56	2.693.671,02	9.325.134,69
6	Investimentos reais	-1.375.603,72	3.005.928,22	12.848.790,42	-8.890.364,26	-701.609,08
7	Transferencias capital	2.561.792,53	159.495,92	17.661.536,55	20.126.470,72	-35.724.306,41
Total capital		1.186.188,81	3.165.424,14	30.510.326,97	11.236.106,46	-36.425.915,49
Total gastos non financeiros		-1.566.612,88	16.907.581,92	28.057.868,41	13.929.777,48	-27.100.780,80
8	Activos financeiros	124.081,83	-269.505,05	293.809,12	-263.124,43	-33.000,00
9	Pasivos financeiros	-4.859.911,30	-162.095,31	-486.285,93	-240.833,37	21.616.415,02
Total gastos financeiros		-4.735.829,47	-431.600,36	-192.476,81	-503.957,80	21.583.415,02
TOTAL		-6.302.442,35	16.475.981,56	27.865.391,60	13.425.819,68	-5.517.365,78

Táboa 5. Variación (incremento/diminución) interanual das obrigas recoñecidas. Período 2018/2025 (%)

	Denominación	Diferencia OR 2021/2020	Diferencia OR 2022/2021	Diferencia OR 2023/2022	Diferencia OR 2024/2023	Diferencia OR 2025/2024	Diferencia OR 2021/2020	Diferencia OR 2022/2021
1	Gastos de persoal	2,32%	1,32%	-2,15%	3,60%	8,53%	0,40%	1,82%
2	Gastos correntes en bens e servizos	2,24%	-7,09%	19,74%	17,39%	-1,47%	-1,57%	13,52%
3	Gastos financeiros	-77,11%	34,06%	14,78%	35,62%	-68,47%	-77,24%	831,21%
4	Transferencias correntes	17,81%	2,69%	-21,76%	30,63%	-9,29%	13,44%	12,01%
5	Gastos imprevistos							
Total correntes		6,01%	-0,43%	-2,83%	14,52%	0,22%	2,54%	8,59%
6	Investimentos reais	32,46%	-14,45%	-7,65%	18,09%	20,17%	-27,38%	-2,98%
7	Transferencias capital	32,44%	-14,73%	6,46%	0,38%	89,20%	33,53%	-44,57%
Total capital		32,45%	-14,64%	2,06%	5,38%	67,35%	12,15%	-35,12%
Total gastos non financeiros		15,42%	-6,23%	-1,01%	11,02%	24,65%	7,02%	-12,76%
8	Activos financeiros	-41,39%	-74,43%	39,60%	-61,61%	18,27%	-56,99%	-16,62%
9	Pasivos financeiros	-28,07%	24,18%	-84,53%	-18,23%	-100,00%	-100,00%	
Total gastos financeiros		-31,33%	3,54%	-78,12%	-32,53%	-77,81%	-71,73%	10867,78%
TOTAL		12,79%	-5,90%	-3,91%	10,55%	24,11%	6,74%	-2,60%

Como podemos ver na táboa 6, a porcentaxe de execución no exercicio 2025 (obrigas recoñecidas sobre créditos definitivos) é do 37,72%. Por capítulos, a porcentaxe de execución máis alta (exceptuando o capítulo 9 cunha porcentaxe de execución do 100% correspondente coa amortización anticipada da débeda viva) é a do capítulo 1 (88,90%) seguida do capítulo 3 (70,36 %), capítulo 2 (61,01%) e capítulo 8 (60,54%). Nos restantes capítulos a porcentaxe de execución baixa do 50%, acadándose as menores porcentaxes nos capítulos 7 (18,81%) e 6 (20,74%).

Táboa 6. Porcentaxes de execución do orzamento de gastos 2025 (OR/CD).

Capítulo	Denominación	C.D.	O.R.	O.R/C.D.
1	Gastos de persoal	54.733.552,25	48.655.646,67	88,90%
2	Gastos correntes en bens e servizos	61.255.253,24	37.369.555,45	61,01%
3	Gastos financeiros	1.049.210,17	738.217,73	70,36%
4	Transferencias correntes	62.395.486,64	31.176.021,85	49,97%
5	Gastos imprevistos	1.000.000,00	0,00	0,00%
Total correntes		180.433.502,30	117.939.441,70	65,36%
6	Investimentos reais	110.327.511,41	22.878.361,67	20,74%
7	Transferencias capital	236.126.958,33	44.425.715,25	18,81%
Total capital		346.454.469,74	67.304.076,92	19,43%
Total gastos non financeiros		526.887.972,04	185.243.518,62	35,16%
8	Activos financeiros	273.520,00	165.600,00	60,54%
9	Pasivos financeiros	21.616.415,50	21.616.415,02	100,00%
Total gastos financeiros		21.889.935,50	21.782.015,02	99,51%
TOTAL		548.777.907,54	207.025.533,64	37,72%

Como se pode observar na táboa 7, a porcentaxe de execución para gastos correntes mantense na liña dos últimos exercicios, cunha ratio moi similar á do ano anterior. A tendencia global observase igualmente por capítulo de gasto corrente. Sen embargo, a ratio de execución para investimentos e transferencias de capital sitúase nos niveis baixos acadando un 20,74 % para investimentos propios e tan só o 18,81% para transferencias de capital.

Táboa 7. Porcentaxes de execución do orzamento de gastos (OR/CD). Período 2018 – 2025.

Capítulo	Denominación	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2025
1	Gastos de persoal	91,20%	91,68%	90,08%	88,33%	88,95%	89,95%	89,95%	88,90%
2	Gastos correntes en bens e servizos	62,86%	65,65%	57,62%	65,56%	66,94%	59,95%	59,95%	61,01%
3	Gastos financeiros	87,15%	72,31%	43,22%	46,24%	80,98%	52,85%	52,85%	70,36%
4	Transferencias correntes	58,26%	59,55%	60,92%	51,66%	59,40%	45,91%	45,91%	49,97%
5	Gastos imprevistos								
Total correntes		71,00%	71,92%	70,00%	68,38%	71,12%	63,96%	63,96%	65,36%
6	Investimentos reais	31,59%	43,74%	45,34%	29,02%	23,50%	25,11%	25,11%	20,74%
7	Transferencias capital	27,24%	32,96%	28,95%	25,48%	24,40%	36,84%	36,84%	18,81%
Total capital		28,46%	35,70%	32,63%	26,39%	24,10%	33,30%	33,30%	19,43%
Total gastos non financeiros		46,34%	50,85%	49,10%	42,47%	41,60%	44,12%	44,12%	35,16%

8	Activos financeiros	58,84%	45,52%	19,42%	41,87%	22,74%	44,61%	44,61%	60,54%
9	Pasivos financeiros	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%			100,00%
Total gastos financeiros		85,36%	79,97%	82,34%	68,60%	61,07%	44,61%	44,61%	99,51%
TOTAL		47,57%	51,49%	49,85%	42,61%	41,67%	44,12%	44,12%	37,72%

Como en informes anteriores, lémbrese a necesidade de procurar un maior cumprimento do principio xeral de anualidade orzamentaria, recomendando a adopción de medidas de mellora na planificación e programación do gasto. A execución plurianual de gastos que se orzamentan nun único exercicio, dificulta a correcta programación e seguimento de execución orzamentaria e do cumprimento da estabilidade e da regra de gasto. A estes efectos resulta aconsellable reducir os prazos de execución e xustificación en vindeiros exercicios (sen prexuízo das excepcións que veñan impostas polo prazo de execución real do gasto) para evitar problemas de execución e reducir a incerteza no seguimento. Así mesmo, recoméndase centrar os esforzos na finalización de investimentos e programas en marcha antes de abordar a creación de novos plans e programas que comprometan ou dificulten a finalización dos vixentes.

En canto a execución dos pagos respecto das obrigas recoñecidas (táboa 8), acádase unha porcentaxe do 99,56%, similar a de anos anteriores.

Táboa 8. Execución pagos 2025 (Pagos/Obrigas recoñecidas).

Capítulo	Denominación	O.R.	Pagos	Pagos/OR
1	Gastos de persoal	48.655.646,67	48.655.646,67	100,00%
2	Gastos correntes en bens e servizos	37.369.555,45	37.283.562,39	99,77%
3	Gastos financeiros	738.217,73	738.217,73	100,00%
4	Transferencias correntes	31.176.021,85	31.105.234,81	99,77%
5	Gastos imprevistos	0,00	0,00	
Total correntes		117.939.441,70	117.782.661,60	99,87%
6	Investimentos reais	22.878.361,67	22.840.883,63	99,84%
7	Transferencias capital	44.425.715,25	43.711.904,05	98,39%
Total capital		67.304.076,92	66.552.787,68	98,88%
Total gastos non financeiros		185.243.518,62	184.335.449,28	99,51%
8	Activos financeiros	165.600,00	165.600,00	100,00%
9	Pasivos financeiros	21.616.415,02	21.616.415,02	
Total gastos financeiros		21.782.015,02	21.782.015,02	100,00%
TOTAL		207.025.533,64	206.117.464,30	99,56%

INGRESOS

Segundo detalle da táboa 9, as previsións iniciais de ingreso do orzamento xeral desta Deputación ascenderon á contía de 209.876.081,00€. Dito importe inicial foi modificado nun importe global de 338.901.826,54€, incrementando as previsións definitivas ao importe total de 548.777.907,54 €. Neste exercicio recoñécéronse dereitos polo importe neto de 247.547.645,08 €.

Táboa 9. Execución orzamentaria 2025. Previsións iniciais e definitivas, dereitos recoñecidos netos e ingresos (resumo por capítulos).

Capítulo	Denominación	P. iniciais	Modificacións	P. definitivas	D.R. netos	Recadación neta
1	Impostos directos	18.579.516,00	1.775.923,04	20.355.439,04	20.193.703,80	18.268.384,59
2	Impostos indirectos	14.082.457,00	2.022.506,12	16.104.963,12	16.104.963,08	14.521.715,43
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	12.766.154,00	12.305,92	12.778.459,92	13.962.934,36	13.576.448,06
4	Transferencias correntes	158.542.902,00	29.529.214,38	188.072.116,38	186.551.313,45	168.017.739,46
5	Ingresos patrimoniais	3.594.552,00	0,00	3.594.552,00	5.029.453,55	5.012.445,89
Total ingresos correntes		207.565.581,00	33.339.949,46	240.905.530,46	241.842.366,24	241.842.366,24
6	Alleamento investimentos reais	850.500,00	0,00	1.914.991,03	1.914.991,03	1.720.410,10
7	Transferencias de capital	1.200.000,00	14.823.181,13	2.971.520,88	2.971.520,88	2.474.576,49
Total ingresos capital		2.050.500,00	14.823.181,13	16.873.681,13	4.886.511,91	4.886.511,91
Total ingresos non financeiros		209.616.081,00	48.163.130,59	257.779.211,59	246.728.878,15	246.728.878,15
8	Activos financeiros	260.000,00	290.738.695,95	818.766,93	818.766,93	781.248,82
9	Pasivos financeiros	0,00	0,00	0,00	0,00	
Total op. cap. financieras		260.000,00	290.738.695,95	290.998.695,95	818.766,93	818.766,93
TOTAL		209.876.081,00	338.901.826,54	548.777.907,54	247.547.645,08	224.372.968,84

Execución orzamentaria

Como podemos ver na táboa 10, as porcentaxes de execución por capítulo de ingreso corrente son elevadas, cerca do 100% ou por riba desta porcentaxe o que amosa un bo axuste do orzamento nestes capítulos.

Os dereitos liquidados no capítulo 5 (ingresos patrimoniais) superan amplamente as previsións iniciais, como consecuencia do elevado volume de excedentes de tesourería e rendabilización dos mesmos.

Os dereitos do capítulo 7 duplican as previsións correspondéndose coa venda e/ou dereitos de superficie das parcelas do polígonos concertadas no ano 2025.

O capítulo 7 (transferencias de capital) execútase tan só nun 18,55%. A baixa ratio de execución atopa explicación na baixa porcentaxe de execución xa referida no que atinxe a investimentos propios e transferencia de capital, que repercute na xustificación e recepción das achegas correspondentes a plans ou programas financiadas con recursos doutras administracións.

A baixa execución do capítulo 8 se corresponde coa propia natureza da principal fonte financiadora deste capítulo, o Remanente de Tesouraría, en tanto que incrementa as previsións do exercicio no que se incorpora sen dar lugar ao recoñecemento de dereitos.

O capítulo 9 amosa unha previsión e execución de importe cero, a non existir ingresos por operacións de endebedamento no 2025.

Se excluímos o capítulo 8 (polo efecto do Remanente de Tesouraría) do cálculo da execución global, acádase unha porcentaxe de execución dos ingresos (total ingresos non financeiros) do 95,71%, inferior a acadada en anos anteriores. Non en tanto considerando o importante volume de aforro xenerado en exercicios anteriores (volume do Remanente de Tesouraría) e a baixa execución do orzamento de gasto, inferior ao importe global de dereitos, esta porcentaxe de execución global non compromete a liquidez desta entidade.

Táboa 10. Porcentaxes de execución do orzamento de ingresos 2025 (DRN/PD).

Capítulo	Denominación	P. definitivas	D.R. netos	DR/PD
1	Impostos directos	20.355.439,04	20.193.703,80	99,21%
2	Impostos indirectos	16.104.963,12	16.104.963,08	100,00%
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	12.778.459,92	13.962.934,36	109,27%
4	Transferencias correntes	188.072.116,38	186.551.313,45	99,19%
5	Ingresos patrimoniais	3.594.552,00	5.029.451,55	139,92%
Total ingresos correntes		240.905.530,46	241.842.366,24	100,39%
6	Alleamento investimentos reais	850.500,00	1.914.991,03	225,16%
7	Transferencias de capital	16.023.181,13	2.971.520,88	18,55%
Total ingresos capital		16.873.681,13	4.886.511,91	28,96%
Total ingresos non financeiros		257.779.211,59	246.728.878,15	95,71%
8	Activos financeiros	290.998.695,95	818.766,93	0,28%
9	Pasivos financeiros	0,00	0,00	
Total op. cap. financieras		290.998.695,95	818.766,93	0,28%
TOTAL		548.777.907,54	247.547.645,08	45,11%

En termos comparativos de evolución interanual, os ingresos globais diminúen respecto a anos anteriores. En termos porcentuais e relativos (respecto de cada capítulo) os capítulos que máis diminúen son o capítulo 5 (polo axuste dos xuros) e o capítulo 7 (transferencias de capital).

Táboa 11. Variación (incremento/diminución) interanual dos dereitos recoñecidos (DR). Período 2018/2025 (%)

Denominación capítulo	Variación 2019/2018	Variación 2020/2019	Variación 2021/2020	Variación 2022/2021	Variación 2023/2022	Variación 2024/2023	Variación 2025/2024
1 Impostos directos	14,97%	4,64%	-5,68%	-2,67%	20,77%	24,11%	-4,28%
2 Impostos indirectos	-3,48%	4,56%	-0,55%	-8,99%	12,68%	8,22%	1,53%
3 Taxas, prezos públicos e outros ingresos	2,42%	-1,04%	23,15%	2,51%	-8,11%	9,66%	0,00%
4 Transferencias correntes	2,03%	4,00%	3,33%	10,22%	0,78%	23,10%	0,38%
5 Ingresos patrimoniais	-4,88%	-7,76%	-5,32%	-30,13%	2159,75%	69,96%	-40,81%
Total ingresos correntes	2,58%	3,73%	3,52%	7,03%	4,92%	22,41%	-1,40%
6 Alleamento investimentos reais	-25,87%	200,69%	-30,68%	-56,26%	19,53%	-15,78%	82,73%
7 Transferencias de capital	-22,37%	-76,84%	70,68%	419,78%	62,60%	7,71%	-80,60%
Total ingresos capital	-23,02%	-26,65%	-4,47%	163,68%	58,02%	5,82%	-70,14%
Total ingresos non financeiros	1,51%	2,76%	3,34%	10,32%	7,51%	21,22%	-5,70%
8 Activos financeiros	-6,39%	-11,98%	-16,68%	-34,86%	6,46%	-8,78%	17,14%

g Pasivos financeiros							
Total op. cap. financieras	-6,39%	-11,98%	-16,68%	-34,86%	6,46%	2814,14%	-96,33%
Total	1,44%	2,64%	3,19%	10,06%	7,51%	31,10%	-12,82%

Segundo os datos reflectidos na táboa 12, os ingresos se diminúen respecto ao ano anterior en -36.400.79,39 €, si ben descontando o capítulo 9 (correspondente con ingresos derivados de operacións de endebedamento) os ingresos diminúen en 14.904.052,00 €, dos cales 12.342.777,85 € se corresponde coa minoración dos dereitos por transferencias de capital.

Táboa 12. Distribución por capítulos da variación interanual (2025/2024) de dereitos recoñecidos (Importe e % sobre variación total).

Capítulo	Denominación	Importe € (variación internual)	% s/ variación global
1	Impostos directos	-904.092,16	2,48%
2	Impostos indirectos	242.761,23	-0,67%
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	30,89	0,00%
4	Transferencias correntes	700.333,31	-1,92%
5	Ingresos patrimoniais	-3.467.311,87	9,53%
Total ingresos correntes		-3.428.278,60	9,42%
6	Alleamento investimentos reais	867.004,45	-2,38%
7	Transferencias de capital	-12.342.777,85	33,91%
Total ingresos capital		-11.475.773,40	31,53%
Total ingresos non financeiros		-14.904.052,00	40,94%
8	Activos financeiros	119.787,61	-0,33%
9	Pasivos financeiros	-21.616.415,00	59,39%
Total op. cap. financieras		-21.496.627,39	59,06%
TOTAL		-36.400.679,39	100,00%

Cuarta. Resultado orzamentario.

A liquidación amosa un resultado orzamentario axustado por importe de 142.228.143,76 euros (táboa 13).

O resultado orzamentario é altamente positivo con suficiencia dos ingresos liquidados por operacións correntes para facer fronte á totalidade das obrigas do exercicio.

Táboa 13. Resultado orzamentario 2025

CONCEPTOS	Dereitos recoñecidos netos	Obrigas Recoñecidas Netas	Resultado orzamentario
A) Operacións correntes	241.842.366,24	117.939.441,70	123.902.924,54
B) Outras operacións non financeiras	4.886.511,91	67.304.076,92	-62.417.565,01
1. Total operacións non financeiras	246.728.878,15	185.243.518,62	61.485.359,53
C) Activos financeiros	818.766,93	165.600,00	653.166,93
D) Pasivos financeiros	0,00	21.616.415,02	-21.616.415,02
2. Total operacións financeiras	818.766,93	21.782.015,02	-20.963.248,09
TOTAL	247.547.645,08	207.025.533,64	40.522.111,44

AXUSTES		
Gastos financiados con remanente de tesourería para gastos xerais		100.976.128,13
Desviacións de financiamento negativas do exercicio		8.639.562,73
Desviacións de financiamento positivas do exercicio		7.909.658,54

RESULTADO PRESUPUESTARIO AxUSTADO	142.228.143,76
--	-----------------------

Quinta. Remanente de Tesourería.

O remanente de tesourería correspondente coa liquidación do exercicio 2025 (táboa 14) ascende á contía de 336.482.659,36 €, cun exceso de financiamento (RTGFA) de 11.829.220,19 €, resultando un importe 322.997.327,09 € de remanente de tesourería para gastos xerais (RTGX).

Para a determinación do remanente de tesourería as débedas pendentes de ingreso calculáronse con estritos criterios de prudencia. No que atinxe a determinación de dereitos de dubidoso cobro aplícase o criterio restritivo de considerar o 75% dos dereitos pendentes do ano anterior¹ e o 100% dos restantes dereitos de exercicios pechados.

¹ Con carácter singular dótase una maior provisión (100%) respecto dun dereito erroneamente contabilizado no 2025 (duplicidade) correspondente con cesión de tributos do Estado, cuxa anulación se rexistra contablemente no 2026.

Táboa 14. Remanente de Tesourería 2025-2023

COMPONENTES	Importes 2025	Importes 2024	Importes 2023
1. Fondos líquidos	333.704.106,12	296.369.686,34	229.949.769,57
2. Derechos pendientes de cobro	28.298.347,88	22.221.923,37	18.352.152,15
(+) Orzamento corrente	23.174.676,24	18.535.230,65	14.931.178,36
(+) Orzamentos pechados	1.674.746,14	427.089,57	571.247,19
(+) Operacións non orzamentarias	3.448.925,50	3.259.603,15	2.849.726,60
3. Obligacións pendentes de pago	26.635.246,08	23.063.952,69	23.757.069,55
(+) Orzamento corrente	908.069,34	368.746,13	1.143.367,31
(+) Orzamentos pechados	290.321,20	254.727,52	190.889,73
(+) Operacións non orzamentarias	25.436.855,54	22.440.479,04	22.422.812,51
4. Partidas pendentes de aplicación	1.115.451,44	741.085,20	490.468,37
(-) Cobros realizados pendentes aplic. definitiva	110.393,44	326.809,71	326.294,61
(+) Pagos realizados pendentes aplic. definitiva	1.225.844,88	1.067.894,91	816.762,98
I. Remanente de Tesourería Total (1+2-3+4)	336.482.659,36	296.268.742,22	225.035.320,54
II. Saldo dubidoso cobro (*)	1.656.112,08	397.089,33	537.467,90
III. Exceso Financiamento afectada	11.829.220,19	13.456.812,72	16.008.701,10
IV. Remanente de Tesourería para gastos xerais	322.997.327,09	282.414.840,17	208.489.151,54

O RTGX sigue a liña ascendente dos últimos anos, incrementándose respecto ao exercicio anterior. O principal incremento sitúase no compoñente de fondos líquidos, que se incrementa en 37.484.538,23 € fronte ao anterior, supoñendo un 92 % do total do incremento interanual 2025/2024 (40.582.486,92€).

O saldo acumulado nas obrigas pendentes de pago de operacións non orzamentarias mantense moi elevado. Este saldo correspóndese principalmente con ingresos pendentes de aplicacións de recursos xestionados polo ORAL. Si ben parte deste volume xustifícase na propia mecánica recadatoria, recomendándose que se leven a cabo traballos de depuración e/ou aplicación de saldos.

Sexta. Aforro neto e porcentaxe débeda.

Da liquidación da Deputación pódese destacar á obtención doutros datos de interese económico como o aforro neto ou a porcentaxe de débeda. O aforro neto calculado segundo o disposto no artigo 53.1 do TRLRFL (táboa 15) ascende a 146.259.513,60€.

Táboa 15. Aforro neto (artigo 53.1 TRLHL).

AFORRO NETO	
(1)	Ingresos liquidados cap. 1 - 5 orzamento ingresos 241.842.366,24
(2)	Obrigas recoñecidas cap. 1, 2 e 4 orzamento gastos 117.201.223,97
(3)	Obrigas recoñecidas (capítulos 1, 2, 4), derivadas de M.C. financiadas con RLT 21.618.371,33
(4)	AFORRO BRUTO (1-2+3) 146.259.513,60
(5)	ATA (*) 0,00
(6)	AFORRO NETO (4-5) 146.259.513,60

Ao non existir débeda pendente non procede o cálculo do coeficiente de débeda financeira viva sobre ingresos correntes.

Sétima. Estabilidade orzamentaria e regra do gasto.

O estudio do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e da regra do gasto é obxecto de informe independente, que complementa este informe.

CONCLUSIÓN:

- O estado da liquidación do orzamento xeral da Deputación de Pontevedra correspondente á anualidade 2025 incorpora a documentación esixida pola normativa legal aplicable.
- O Orzamento 2025 líquidase con resultado orzamentario e remanente de tesourería positivos.
- Unha vez aprobada a liquidación por Resolución presidencial, deberase dar conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre. Unha copia do expediente remitirase á Administración do Estado e Administración Autonómica.

En Pontevedra,

Documento datado e asinado dixitalmente